

O Apalpador é un personaxe máis que perfecto para protagonizar contos, relatos, historias... Mais tamén é un veciño das montañas galegas, onde tradicionalmente escoitar contos e lendas era un dos principais pasatempos. Gostaría o Apalpador de historias como esta que ten relatado Celso Sanmartín?



Nós Diario

Ao pé da Lareira sempre se contan as mellores historias.

Sair da casa a ver mundo pode deparar moitas sorpresas, non sempre agradábeis

## Un conto moi antigo para o Apalpador

Celso Sanmartín | Nós Diario

O Apalpador é protagonista, nestes menos de 15 anos desde a súa recuperación, dun bo feixe de contos. O Conto do Apalpador, de Lúa Sende, Alexandre Miguens e Leandro Lamas é un deles; ou O Apalpador, de Xoán G., ou O castiñeiro do Apalpador: De como un carboeiro se virou meigo do Nadal, de Inacio Vilariño Sanmartín e Nuria Díaz Berride. Son só tres exemplos pero poderían pórse moitos máis, até case encher a páxina.

Mais o Apalpador, como bo veciño das montañas, tamén sabería gozar como atento escoitador de historias, contos e lendas.

A figura dun personaxe que baixa da montaña no Nadal para facer regalos está presente nas máis diversas culturas europeas.

### O conto

Este conto está en moitas culturas de Europa e eu nunca o atopei contado enteiro por unha mesma persoa. Pero si, como os contos populares, é despezábel e cachos del aparecen no medio doutros contos e historias, polo que se pode ir compoñéndoo a


partir desas pezas. Un conto de cando alguén estaba confinado na casa. Contaba miña avoa que cando nunha casa nacía un rapaz e non saía ben desenvolvido había moitas posibilidades de que non o deixasen saír, por medo á xente de fóra, de que se metesen con el, a que abusasen del.

Isto pasoulle ao rapaz do conto, que non saíu da casa até os 18 anos. Cando fixo os 18, abriu unha ventá e viu tan bonito todo que dixo: "Miña nai, eu voume, quero ver mundo!". E dixo a nai: "se o tes tan claro, vaite pero antes ímolo celebrar". Para celebralo, mataron unha ovella e guisárona.

Acabado o banquete el insistiu: "Miña nai, eu voume". E díxolle a nai: "Levas cartos?", "Non levo", recoñeceu o rapaz. "E de comer?", "Tampouco", respondeu.

"Pois douche eu para que ti leves". E a nai doulle 8 metros de tripas de ovella. "E como levo isto?", preguntou o rapaz. "Envólveas no teu corpo e cando teñas fame, comes un anaquíño".

El envolveunas por baixo da roupa e atounas ben atadas. "Voume", dixo. "Vaite, pero... cando atopas alguén ti sabes que



### Pero baixa o 24 ou o 31 ou os dous días?

O Apalpador baixa a noite do 24 ou 31 de decembro segundo a zona, se ben hai familias nas que apostan aos dous días. Nun principio da recuperación deste personaxe tamén se asociaba o carboeiro a regalos como libros ou brinquedos de madeira e tradicionais, se ben hoxe 'regala de todo'.

dixir?", preguntou a nai, pois o seu fillo nunca saíra da casa. "E que digo?": "Pois cando topes alguén dille. "Que deus a axude".

O rapaz marchou e non topou ninguén até pasadas dúas horas. E non atopou unha, senón que topou dúas persoas, que estaban a regar un prado por quendas e

que discutían por quen regaba antes, póndose a pelexar entre si. O rapaz ficou mirando para eles sen saber que facer nin que dicir.

Entón, os que pelexaban preguntáronlle que facía alí. E el respondeu o que lle aconsellara a súa nai: "Que deus os axude". E entón estes 2 batéronlle. "Por que me pegan?". "Ti es parvo, tiñas que dicir que deus nos separe".

Marchou de alí o rapaz e entrou na aldea por onde estaba a igrexa, onde había unha voda. Tanta xente a mirar para el e púxose nervioso e dixo: "Que deus os separe". E todos empezaron a insultalo e a pegarlle. "Por que me pegan?", "Ti es parvo, por dicir que deus nos separe". "E que tiña que dicir?" "Que deus nos aumente".

Marcha o rapaz e seguiu pola aldea e atopou un mozo nun banco coa perna desfeita, chea de graos. E el, por ser educado, saudou cun "Que deus os aumente". O outro, como non, bateulle. "Pero que dixen mal agora, que tiña que dicir?", "Ti es parvo, pois que nin naza nin reverdeza".

Fuxiu de alí e continuou a viaxe, pasando agora por unha

leira e había un home labrando nos cebolos e saudouno cun "nin nazan nin reverdezan", e choveron outra vez os golpes: "Ti es parvo". Tivo que media volta mentres o perseguía e volveu pasar por onde estaba o da perna, que se uniu á persecución, o mesmo que fixeron os da voda e tamén aqueles dous do prado. Máis de 300 persoas a correr tras o rapaz.

El corría e non aguantaba máis, pois polas tripas que levaba atadas a redor do corpo non daba respirado. Correndo, chegou a unha casa cunha vella que afiaba o coitelo da matanza. Desabrochou a camisa e co coitelo que colleu da señora cortou as tripas que o afogaban, respirou fondo e continuou a correr como unha faísca.

Aparecen entón os que o perseguían preguntaron á vella por el. Ela contoulles: "Chegou aquí, cortou a barriga e arrancou as tripas e así quedou máis lixeiro e marchou correndo moito máis rápido".

"Pois a nós non nos engana" dixeron 300 perseguidores, que dito tal sacaron de coitelos e navallas e abríronse as barrigas e alí caeron mortos.

E ao final quen é o parvo?